

WILLA CATHER

Unha muller perdida

Traducido por Antía Veres Gesto



Hugin e Munin

I

Hai trinta ou corenta anos, nunha desas vilas grises situadas ao longo do ferrocarril que construíra a compañía Burlington, que son moito máis grises hoxe en día do que daquela, había unha casa con moita sona dende Omaha até Denver pola súa hospitalidade e mais por certo engado no seu ambiente. A sona tíña, máis concretamente, entre a aristocracia vencellada ao ferrocarril da época: homes que tiñan relación co propio ferrocarril ou cunha das sociedades de compravenda de terreos que emerxeran como consecuencia deste. Naqueles días, abondaba con dicir de alguén que tiña «lazos coa Burlington». Estaban os xerentes, os directores xerais, os vicepresidentes e os superintendentes, cuxos nomes coñeciamos todos, e logo estaban os seus irmáns pequenos ou os seus sobriños, que eran auditores, axentes de transporte ou axudantes de departamento. Todos os que tiñan «lazos» coa vía férrea, mesmo os grandes transportistas de gando e de gran, dispuñan de abonos anuais, de xeito que eles e as súas familias viaxaban arreo na liña.

Naquel entón, había dous estratos sociais ben diferenciados nos estados da chaira: os colonos e artesáns que se instalaran alí para gañar a vida, e os banqueiros e propietarios de ranchos que viñan do litoral atlántico para

investir diñeiro e «desenvolver o noso grande oeste», como adoitaban dicirnos.

Cando os homes da Burlington andaban de viaxe por negocios non moi urxentes, compraciálles baixar do expreso e pasar a noite nunha casa agradable onde a súa importancia fose obxecto dun atinado recoñecemento. Neste sentido, non había residencia máis agradable ca a do capitán Daniel Forrester, en Sweet Water. O propio capitán Forrester era un home do ferrocarril, un contratista que construíra para a Burlington centos de millas de vías, as cales atravesaban as terras de artemisa e gando e logo subían para se internar en Black Hills.

A propiedade dos Forrester, como todo o mundo lle chamaba, non era para nada extraordinaria: eran as persoas que alí moraban as que facían que semellase moito máis grande e fermosa do que era. A casa –branca, cunha á e tellados de acusada pendente para que a neve esborexese por eles– estaba enriba dun outeiro arredondado e baixo, case unha milla ao leste da vila. Estaba contornada de soportais, estreitos de máis para o concepto moderno de comodidade, que se apoiaban nas recargadas e fráxiles columnas daquela época, na que até o último pau de madeira virxe era sometido á tortura do torno para se converter en algo espantoso. Se lle quitasen as súas viñas e a despoxasen dos seus arbustos, con certeza que a casa afearía. Atopábase preto dunha excelente alameda que proxectaba uns brazos acolledores cara á esquerda e cara á dereita, e que se estendía costa abaixo por detrás da vivenda.

Como estaba alí situada no alto do outeiro, co seu encrechado arboredo de fondo, era o primeiro que se dexergaba ao chegar a Sweet Water en tren e o último que se vía ao marchar.

